

Compostela, 1 de agosto de 2003

Con relación as dúbidas que xorden polo demanda presentada por CC OO contra a UVigo, cómpre expresar ó seguinte:

CC OO presentou unha demanda contra a Universidade de Vigo por mor das bases do concurso de profesorado contratado de xullo/02. O motivo fundamental foi a ausencia de negociación de tales bases coas centrais sindicais, entes lexitimados para tal negociación en ausencia de órganos específicos de negociación. Tal negociación é preceptiva logo da entrada en vigor da LOU que, como ven sabedes, dispón que os contratos do profesorado contratado universitario teñen carácter laboral. A laboralización deste sector do profesorado obriga a que a lexislación que lle é de aplicación sexa a laboral (Estatuto dos Traballadores, negociación dun convenio colectivo, dereitos de negociación colectiva –xornada, acceso, retribucións, ...-).

As centrais sindicais pedímoslle a UVigo, en varias ocasións, abordar esta negociación de xeito que a aplicación da LOU fose o mais favorable posible ós vosos intereses. A UVigo nos citou dous días despois de publicar as bases da convocatoria; dado que tales bases non se poden modificar logo de publicadas, CC OO se veu obrigada a facer esta denuncia xudicial (no momento de publicar as bases na UVigo se despediron 55 profesores asociados, cifra absolutamente inasumible por CC OO).

Con relación a cuestión que me expós, a situación é a seguinte: cando presentamos a demanda contra a UVigo resulta que, neste caso, hai terceiras persoas potencialmente afectadas polo resultado que dictamine o xuíz (neste caso tódalas persoas que se presentaron a este concurso). Por este motivo, a lei permite a estas persoas que defendan os seus intereses neste pleito, da mesma maneira que os defende a UVigo e CC OO. É por iso que a UVigo vos notifica que, se queredes usar este dereito, así o expresedes.

Polo tanto, é un dereito e unha garantía que vos da a lei e que podeades facer valer si así o estimades conveniente. A nosa opinión é que usar este recurso legal para vós só vos trae gastos (hai que pagar a un avogado e outros gastos procesais) e ningún beneficio: vós participastes no concurso conforme as bases do mesmo e, polo tanto, a legalidade das mesmas a debe defender a UVigo, e os eventuais problemas que teñan os expresará CC OO.

Por outra banda, a previsible duración do proceso xudicial fará que, aínda que CC OO ganase o pleito, a vós vos afectará ben pouco porque cando remate, seguramente xa terá rematado o voso contrato. Ademais, os dereitos académicos tampouco se verán minguados dado que, ó participar nun concurso, de cúa legalidade vós non sodes responsables, tampouco se verían afectados.

Máis información:

Sección Sindical Universidade de Vigo. Telf. 986813861

ccoo@uvigo.es

Un saúdo cordial: Xosé Manuel Rivas
Secretaría de Universidade de CC OO